


ILUSTRES

Carlos X. Ares Pérez



PRÓLOGO:
ÓSCAR LÓPEZ MENDAÑA

INTRODUCCIÓN

Chega este libro como froito da inquedanza e o profundo amor que sinto pola miña terra, e tamén pola congoxa que en min provoca a soa idea de que o incesante tempo poidera chegar a borrar das efímeras memorias a historia da comarca que me viu nacer e as vidas dos ilustres que aquí reflexo.

Historia e historias das que algunhas xa foron narradas doutro xeito na escrita por Nicolás Tenorio en "*La aldea gallega*" e por Rosario Castells en "*La comarca natural de Viana del Bollo*" hai arredor de cen e cincuenta anos respectivamente. E agora, continuando este espazo temporal de medio século, presento "*Ilustres*" tomando exemplo dos autores mencionados e seguramente coa mesma intención que os levou a eles a escribir sobre Viana: a transmisión da historia deste recuncho do oriente ourensán para que as xeracións vindeiras saibam das súas orixes. Diciáme acertadamente o meu bo e querido amigo Óscar (autor do prólogo) que sería de vital importancia que non tiveramos que agardar outras cinco décadas para ter unha nova publicación, desexo e chamamento que comparto íntegramente.

"*Ilustres*" tivo unha primeira edición dixital como agasallo para o exemplar *J.E.S. Carlos Casares*, en humilde recoñecemento á gran laboura educativa que durante moitos anos leva desenvolviendo na nosa vila para desfrute e enriquecemento formativo do alumnado; e agardando poder contribuir a que toda esta comunidade teña un soporte sobre o que poder traballar na procura de datos, anécdotas, imaxes e personaxes cos que acadar un coñecemento dos aspectos que deron e dan vida ao concello de Viana do Bolo.

Aparecen a continuación as vidas e obras de dezaoito ilustres cuyas relacións con Viana espertaron en min a necesidade de contalas, motivado polas súas cualidades humanas, artísticas e culturais. A orde de aparición dos mesmos non garda ningunha pauta ao uso, entendendo como tales os parámetros cronolóxicos e/ou alfabeticos; sendo esto así xa que considero que ningún debe ter preferencia algúnsobre o resto, polo que foi sinxelamente o azar o que decidiu o lugar que ocupan, e aí está a esencia deste libro, pois seguramente ese mesmo azar foi quien os puxo nesta terra.

Quero agora, cun breve comentario, presentar a cada un deles para facervos tamén partícipes de cales foron as causas que me levaron a incluílos nesta publicación:

- *Nicolás Tenorio*: un xuiz chegado dende o sur que foi pioneiro en contar e inmortalizar o noso enxebrismo.
- *Santiago Morán*: exquisito artista vianés membro dunha xeración que para moitos foi a mellor época da pintura na historia.
- *Federico Ávila*: a música na vila levará por sempre o seu sello, e os trocos da época quedaron inmortalizados pola súa cámara fotográfica.
- *Mago Teto*: as cámaras de televisión, as páxinas dos xornais, as ondas de radio e os teatros cheos nunca lle fixeron esquecer o seu Cabo da Vila natal.
- *Suso Jares*: a Paz é ou debería ser internacional, e por sorte un dos seus maiores defensores foi un dos nosos veciños.
- *Laureano Prieto*: emigrado retornado e bravo loitador que se encargou de que hoxe todos saibamos como foi a fala desta terra hai xa preto dun século.
- *Xosé Poldras*: son varias as obras deste xenio do inxenio inspiradas ou relacionadas con Viana que quedarán eternamente para o desfrute dos nosos sentidos.
- *Tiberio Ávila*: penso que o termo “polifacético” foi creado única e exclusivamente para definir a este gran persoaxe vianés.
- *Lucía da Conceição*: a falla de visión xamáis poido coa grandeza dun corazón que latexa ao son dunha agradecida mandolina.
- *Piquico*: o Entroido, as paisaxes e a cultura vianesa xamáis deixarán de agradecerlle ás súas mans e ao seu maxín que as tivera modelado e pintado dun xeito tan grandioso e persoal.
- *Manuel Ramos Castromil*: toda unha xeración de vianeses medrou ao seu carón sabendo que o esforzo e a solidariedade serían as bases sobre as que deberían construir as súas vidas.
- *Nieves Fernández*: os valores do amor pola familia, a defensa da terra querida, o esforzo no traballo e a superación persoal alcanzaron o seu punto más alto nesta doce artista de mans e mente prodixiosas.

- *Francisco A. Rodríguez*: fillo da diáspora galega que non quixo rematar o seu camiño sen coñecer o seu berce bañado polo Camba.
- *Albino Pérez*: cada vez que se escoita o son dunha gaita o seu espíritu retranqueiro volta aos nosos pensamentos voando polo ceo vianés.
- *Charo Castells*: doutora nas ciencias e transmisora dos nosos costumes nas letras.
- *Castor García*: unha importante pasaxe da historia contou coa relevancia dun senador chegado dende Viana.
- *Alfonso Hervella*: o romanceiro vianés é hoxe o máis importante grazas á recopilación deste notario dos versos.
- *Condesa de Bugallal*: a sorte de ter soamente pode ser superada pola grandeza de compartir, e *Dona Adelaida* uniu esforzos e riquezas na procura dunha mellor vida para os seus semellantes.

Despois destas breves xustificacións aquí quedas querido lector co contido do meu libro, algo máis de duacentas páxinas que ademais de ser o resultado de dous anos de traballo levan todas e cada unha delas consigo unha boa parte da miña alma vianesa. Agardo que o desfrutes ...

Carlos X. Ares Pérez

NIEVES FERNÁNDEZ VIDUEIRA

VIDA DUNHA LOITADORA

Inda que en 1962 nace en Fornelos de Cova, xa de recén Nieves Fernández vai cara Quintela do Pando, “o lugar más fermoso do mundo” como ela di.

Pasa neste pobo a infancia e unha pequena parte da adolescencia, pois a precaria situación familiar fai que teña que partir cara Madrid a traballar como empregada de fogar. Chega á capital con 16 anos, moita nostalxia, e a tristura por verse apartada do seu entorno.



Aos 18 anos alcanzada a maioría de idade, decide que non quere seguir como asistenta, e comenza a traballar na hostelería, ocupando postos na cociña de restaurantes. Esta situación non duraría moito, pois so un ano despois a morriña e as gañas de vivir onde se criara e facendo o que realmente lle gustaba, a leva de novo de volta á súa querida Quintela.

O retorno e o feito de voltar a ter contacto co campo, a paisaxe, e os veciños de toda a vida, devolven o sorriso a Nieves, quen decide que xamáis voltará a deixar o lugar que a vira medrar.




EXPLOTACIÓN MODÉLICA

Unha vez que se instala, e deixando o seu paso por Madrid como unha pasaxe xa esquecida, inicia o seu camiño a cargo dunha explotación de gando ovino. Empeza con 18 ovellas que teña a súa avoa, e sen mercar nin un so número máis chega a acadar un total de 400 cabezas entre ovellas, cordeiros e carneiros. Debido a que todo partiu de 18 ovellas da terra, a súa é a explotación de Galicia con maior número de ovellas de raza autóctona galega, o que lle valeu un recoñecemento dos organismos competentes, sendo ademáis foco de varias reportaxes televisivas e na prensa escrita, nas que os guionistas das mesmas recoñecen a Nieves como muller emprendedora e como conservadora da raza galega na súa explotación.

As ovellas ás que adica o seu traballo, coa axuda da súa familia, proporcionan a Nieves un sustento de vida que ademáis lle permiten disfrutar do tempo libre necesario para crear o seu amplio número de obras que esculpe en madeira e pedra.

Asimesmo, e sendo tan amante como é das razas autóctonas, tamén inclúe na súa explotación varios exemplares de Porco Celta.



TALLAS EN MADEIRA

Unha navalla, unhas mans prodixiosas, moita imaxinación e creatividade, e o tempo libre que lle queda mentres está no monte coas ovellas, son os elementos que configuran a xenial, ampla e variada obra, pois cóntanse por centos as diferentes tallas que leva feito.



Conta Nieves que empezou por necesidade, pois o baixo nivel económico do que dispuña fixo que non lle poidera mercar xoguetes aos seus fillos ... "os outros nenos tiñan xoguetes e eu non tina cartos, así que


decidín facerlos eu mesma"; por iso comenzou a crear con madeira coches, peóns, escadas, e un senfin de artigos diferentes que puñan o sorriso nos cativos e a ledicia na súa nai.



OS PRIMEIROS XOGUETES

Pouco a pouco foron moitos os que vendo a calidade das tallas animárona a seguir creando, sendo deste xeito como Nieves convertiu o súa necesidade nun entretenimento co que ocupar o seu tempo de lecer.

Di que todo son creacións súas que parten da mente e saen polas mans, que non é capaz de copiar, todo ten que ser ideado no seu pensamento. Así modela e talla figuras típicas galegas como transnos e máscaras; ademáis de caxatos rematados en cacholas de animais, motivos relixiosos, mulleres espidas, e diferentes figuras con certa relación mitolóxica.



Tamén o Entroido está presente nos seus traballos, sendo Nieves quen fai as Pantallas coas que desfilan os Boteiros do Folión de Quintela. A primeira Pantalla (arriba á dereita) a constrúe no ano 95 para o seu fillo, e tamén nese mesmo ano fai unha de boullicas (arriba no centro) que “*o meu fillo non poido sacar por que lle pesaba moito*”. Ao igual que anos atrás, Nieves seguía poñendo a súa obra para disfrute dos seus fillos.

Estas son as pantallas creadas para o desfile do Folión de Quintela na Festa da Historia de Ribadavia.




UN MUSEO ESQUECIDO

Ante tanta cantidade de obras realizadas, xurde a necesidade de colocalas nalgún lugar para que poidan ser expostas e se manteñan en bo estado de conservación. É por esto que Nieves decide mercar no nº 42 da súa rúa unha casa frente á familiar, a cal vai habilitando e colocando as tallas nas tres axeitadas estancias que componen o seu museo particular, que abre con agarimo a todo o que llo solicite, e que unha vez dentro transportan ao visitante a un mundo de sensacions ancestrais cheas de enxebrismo, e onde se pode sentir o agarimo, a ternura e o inxenio cos que Nieves fai cada unda das pezas que amosa.



Pero este museo figura esquecido para a gran maioria, pois a nula colaboración, promoción e publicidade cultural que chega dende as institucións non permiten que este

lugar poida ser visitado e coñecido como se merece, tanto pola calidade das obras, como pola sensibilidade humana e o amor de Nieves pola súa terra e polo noso concello.



A PEDRA

A escultura en pedra tamén ocupa un lugar nos traballos de Nieves, sendo a obra da que fala con máis agarimo o escudo que creou para a súa explotación.



Está composto pola cara das catro especies de animais que ten; unha bola que simboliza o mundo; unha cruz que reflexa a defensa; a ponte romana sobre a que se apoya o corpo do escudo; e para rematar figura coroad por cinco bolas que se corresponden




co número de membros da súa familia. Este escudo blasoa a vivenda familiar e a nave da explotación, á entrada da cal tamén se poden ollar un can e un cabalo cos que a artista da a benvida aos que acceden ao lugar no que traballa.



Unha vez más nos amosa Nieves como familia e arte camiñan collidos da man, sen esquecer aos seus queridos animais, e esos lazos de unión están de novo presentes nesta creazón que a xeito de escudo pretende ser a base na que a súa familia se debe sentir unida sustentada sempre na forza e dureza que a pedra simboliza.

NA FEIRA DE MOSTRAS

Nieves amosou a súa obra ao público asistente á Feira de Mostras de Viana en novembro de 2007.



RECOÑECIMENTO NO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

Nun acto celebrado en Madrid o Martes día 22 de xuño de 2010 na sede do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, ao que asistiron máis de duascasenta persoas, a Ministra Elena Espinosa fixo entrega das condecoracións da *Orde do Mérito Agrario, Pesqueiro e Alimentario*. Neste acto de carácter anual, que supón o recoñecemento mediante as máis altas distincións que entrega o citado Ministerio

premiando a inestimable laboura que os premiados realizan nestos sectores, foi galardoada M^a Nieves Fernández Videira recibindo a "*Encomienda de Número, sección Mérito Agrario*", vendo deste xeito recoñecida toda unha vida á fronte da súa modélica explotación. A Ministra destacou o traballo realizado por Nieves para reforzar os vínculos entre "as actividades relacionadas coa produción de alimentos e a conservación e ordenación dos recursos naturais".



ANDROLLA DE OURO

No Entroido de 2011 recibe de mans do Concello vianés a "*Androlla de Ouro*" coa que dende o consistorio da vila premian ás persoas que se destacan pola súa aportación ao desenvolvemento e mantemento da festa do Entroido; características estas de sobra manifestadas na persoa de Nieves, tanto pola elaboración de máscaras e pantallas de Boteiros, como pola súa constante loita para que as tradicións se conserven e deste xeito acadar que o Entroido local siga mantendo todo o seu enxebrismo.



Nunha cerimonia celebrada no Salón de Plenos do Concello na mañán do Domingo 6 de marzo como acto que precedeu ao desfile da Festa da Androlla, Nieves ademais de recoller o merecido galardón, tamén foi a encargada de ler o discurso de agradecemento de todos os premiados ante as autoridades e o público presente.

O ENTROIDO E AS OVELLAS: DÚAS PAIXÓNS CONFLUINTE

No verán de 2009 a Revista de Razas Autóctonas de Galicia adica un apartado a Nieves no que amosa a conxunción que acada unindo as ovellas de raza galega coa tallas en madeira, para poñer ao servizo do seu pobo no desfile de Entroido.

Ovellas, Madeira, Tradición e Quintela ... todo o universo da artista unido nestes catro pilares da súa vida que como non podería ser doutro xeito modelou para que luciran os seus fillos nas pantallas dos Boteiros.

28 NOVAS

A OVELLA GALEGA, NO ENTROIDO DE VIANA DO BOLO

O tradicional Entroido de Viana do Bolo (Ourense) incorporou este ano unha representación de Ovella Galega formando parte dun boteiro que solicitaba permiso para tocar e protexía o gran folián de Quintela do Pando. Máis de 100 veciños desta localidade formaron parte do folián, tocando bombos e aixadas. O boteiro, coroado pola estampa dunha ovella e un carneiro da raza, é parte fundamental do ritual de protección do pobo, alonxando as meigas e os trasnios.

Nas asociacións de criadores de razas autóctonas non só temos gandeiros, senón que tamen se atopan verdadeiros artesáns e coñecedores da cultura e costumes populares de Galicia. Os veciños de Quintela do Pando recibiron este ano a Androlla de Ouro polo folián do 2008, como garantes dunha das tradicións máis ancestrais do país.



... di Nieves que si alguém quere saber por que fai todo o que fai soamente ten que ler o que gravou nunha táboa que colga dunha das paredes da nave na que están as ovellas, e que di:

*"Esta explotación foi
o soño dos nosos avós,
orgullo dos nosos pais,
fruto do noso traballo
e futuro dos nosos fillos".*

Quico e Nieves.